

XLVII
ROMAXE DE
CRENTE
GALEGAS/OS

BASCUAS
13 DE SETEMBRO
DE 2025

Un veciño da aldea de Pareisás loita contra o lume nun incendio forestal en A Pobra de Trives (Ourense) no mes de agosto.



© Foto - EFE.

O trasno

Daniel López Muñoz

Os momentos “Landmesser”

No lugar exacto no que o réxime nazi tiña a sede central das SS e da Gestapo, en Berlín, está aberto ao público o museo histórico que denominan “A topografía do terror”, unha lembranza do que non se debería esquecer nunca.

Case nada te deixa indiferente, pero hai unha foto que te captura para sempre: August Landmesser, operario dun estaleiro de Hamburgo, permanece de brazos cruzados nun acto de botadura no que o mesmo Hitler está presente. Unha masa humana de saúdos brazo en alto arrodean ao compañeiro August, un único disidente.

Hai “momentos Landmesser”. Hai nos na Historia, na política, no conflito social. E agora é un momento no que se agradecerían, por non irmos máis lonxe, nunha Unión Europea que se enfrenta ás pantasma do seu pasado.

Son actos de dignidade, de decencia, de “xa abonda”. E non saen gratis. Ás veces ignominiosamente caros. En 1937, un ano despois da foto, August Landmesser foi detido na fronteira con Dinamarca, coa súa muller Irma Eckler, de orixe xudía, embarazada, e a súa primeira filla, Ingrid. El foi condenado

por “infamia racial”. Ela acabou morrendo nun campo de exterminio.

Tamén hai deses momentos nas nosas biografías. No medio desa epidemia que é a carreira de ratas polo trunfo, o aplauso e a popularidade, dos currículos inflados, dos equilibrios para non dicir “non” cando toca dicilo, do medo a diferenciarse, da “adaptación camaleónica”, do pánico á disidencia... no medio diso todo convén ter, mirando atrás, algún momento Landmesser na túa vida. Para abrazarte a el polas noites.



August-Landmesser-Alemaña-1936

Vide á Romaxe!

Quen ansiamos un mundo mellor a miúdo tendemos a caer na amargura. A distancia entre o que queremos e o que é pode ter o tamaño da maior das montañas e deitar sobre o ánimo unha sombra inmensa. Con demasiada frecuencia, equivocámonos pensando que porfiar nesa distancia animará a alguén a percorrela, e acabamos practicando algo así como unha militancia da queixa na que, máis que observar e resaltar o ben, nos dedicamos a buscar e denunciar permanentemente o que está mal. É unha teima perigosa que, nas máis das veces, acaba por asombrar o noso ollar e máis o noso ánimo e levarnos ao pesimismo e a desesperanza.

O mundo está cheo de males, mais o que a nós nos move é unha Boa Nova. A mensaxe máis fermosa de Xesús nada ten a ver co medo e a tristeza: desde aquela montaña e rodeado de sombras, o nazareno predicaba un “Felices!”, “Benaventurados!” ou “Alegrádevos!”, segundo a tradución. E ensinaba que a maneira de acabar co mal é observando, amando, alimentando e reproducindo o ben que xa existe entre nós, que -por pequeno que pareza- garda dentro de si toda a forza de Deus. O grao de mostaza que só cumpre regar. Vivimos nun mundo cheo de imperfeccións, mais no que, así e todo, reina o Ben.

“Como que reina o ben? Os palacios están ocupados por tiranos a caballo!”, haberá quen retruque. Pero é que o Ben evita os palacios, e chega por camiños pequenos, montado nunha humilde burriña (Lucas, 29). E o evanxeo dinos que a alegría que este Ben é quen de provocar, faría clamar as mesmísimas pedras.

Por iso, este ano, queremos encontrarnos e celebrar en Bascuas que “se nós calamos, as pedras cantarán”. Sabe-doras e sabedores de que o mal e as dificultarades existen -e, de feito, parecen mais presentes e ameazadoras que nunca- queremos esconxurar a desesperanza, e encontrar no ben e a beleza que nos rodea a alegría e a forza de Deus para cambiar o mundo. Queremos homenaxear particularmente a música popular, como vehículo do encontro e expresión comunitaria da alegría, e converter a Romaxe deste ano en fermento de esperanza. E -contigo- queremos celebrar que na humildade que sabe a terra, nos ollares amorosos cara o estraño, na forza de quen pensa primeiro en dar que en recibir, na beleza que nos rodea en toda parte (e non tiña por que ser así), nos sorrisos e o cariño capaces de abrollar até no inverno... hai motivos abondo para cantar e agradecer.

Vide á Romaxe porque o encontro real nos fai máis humanos; porque cantarmos xuntos alimenta o espírito; e xantarmos xuntas quence o corazón. Porque a nosa fe se multiplica relembando xuntos o sermón do monte; e agradecendo xuntas que a bondade e a xenerosidade, pese a todo e contra todo, teñen a última palabra.

o Ben evita os
palacios, e chega por
camiños pequenos,
montado nunha
humilde burriña

NON PREVALECERÁN

Non sei se é así ou se así quero velo, pero teño para min que o neoliberalismo neofascista, hoxe rampante nas dereitas ultras, gaña efectivamente batallas, mais nunca gañará a guerra porque, simplemente, non ten capacidade nin posibilidade real de afrontar sequera os problemas cardinais que precisan saída ou solución para a elemental convivencia humana ou para a supervivencia mesma da especie. Durarán o que duren, mais perderán.

Un bo exemplo disto é a batalla política e cultural que se está a dar arredor da emigración. Parece que avanza na súa batalla cultural e están logrando que medre a percepción da emigración, case só, como problema social, económico e político: “o problema da emigración”. Cando a emigración non é realmente un problema, senón un feito ou unha calidade constitutiva da condición humana, que responde a múltiples causas ou estímulos, como tamén o é para certos animais e vexetais que emigran inexorablemente por razóns estacionais, alimenticias ou reprodutivas.

Desde sempre os seres humanos mudan de lugar de residencia e nunca deixarán de facelo. Coma todo fenómeno natural e humano, a emigración pode traer problemas e solucións, vantaxes e inconvenientes; mais non é en si mesma un problema, senón un “fenómeno natural”. Tamén a choiva, a luz ou a propia intelixencia humana poden traer problemas, pero nunca son “o problema”. Ver a emigración só ou primordialmente como un problema é unha construción doutrinaria, destinada a servir de coartada a políticas racistas, discriminatorias e criminais.

E nesta batalla os ultras avanza. Quizais por iso tiveron tanta repercusión mediática as palabras do arcebis-



Arcebispo de Santiago D. Francisco José Prieto

po compostelán na cerimonia da ofrenda ao Apóstolo deste ano. Descoñezo as posicións persoais de D. Francisco José Prieto, pero é significativo que desde unha institución percibida como conservadora e próxima aos oferentes, representantes e presentes —Rueda e Feijóo—, non só se demandara acollida para emigrantes e refuxiados, senón tamén que se condenara con contundencia a práctica habitual das dereitas extremas, cada día máis toleradas e/ou asumidas polos oferentes: “... É inaceptable —proclamou o arcebispo— utilizar os migrantes e refuxiados como arma política... han de ser acollidos desde a legalidade e a fraternidade. E a nosa máis firme condena: nin violencia racista nin criminalización colectiva”.

“É inaceptable utilizar os migrantes e refuxiados como arma política”

Sinalo estas palabras como significativas porque coido que veñen subliñar a incapacidade das políticas ultras e neoliberais para comprender e afrontar as realidades da condición humana. As saídas e respostas a estas realidades son esixibles e esixidas mesmo por posicións e institucións conservadoras, desde a mera racionalidade e desde principios e valores éticos elementais.

Poderán as ultradereitas gañar unha ou outra batalla, mais a guerra que promoven contra a condición humana perderana irremisiblemente. O problema actual está no prezo que se ha pagar en “sangue, suor e bágoas” para garantir a racionalidade, a convivencia e a solidariedade entre os seres humanos.

Pero as posicións ultras e neoliberais non prevalecerán.

... pero a vaquiña polo que vale

Isabel Villalba

Secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego

TRMIA

Lume e futuro: emerxencia territorial en Galiza

Galicía quéimase. Desde hai xa anos, estamos a sufrir un aumento alarmante de incendios forestais, consecuencia dun problema multifactorial no que se combinan o abandono da actividade agraria, da paisaxe en mosaico, a expansión sen freo do eucalipto e unhas políticas que, lonxe de frear a degradación, provocan que o territorio sexa cada vez máis vulnerable ás lapas. A isto súmanse ameazas globais, como a reforma regresiva da PAC, que poñen en risco a soberanía alimentaria e o futuro dun rural vivo e sostible.

O abandono do rural e unha lexislación que non o protexe

Non se pode falar de incendios sen falar do abandono do rural e das actividades agrícolas e gandeiras. A desaparición de territorio destinado a estas funcións provoca, á súa vez, a fin da paisaxe en mosaico, ese territorio diverso formado por leiras de cultivo, prados para o gando e bosques autóctonos, e que funciona como un cortalumes natural.

Con todo, o maior problema provén do papel do Goberno ante esta situación. A Administración actual continúa apoiando a expansión do eucalipto, unha especie que multiplica a perigosidade dos incendios, e non dá unha resposta clara sobre a prórroga da moratoria que limitaba novas plantacións, abrindo a porta a que se continúe dando vía verde a este monocultivo. Ademais, aposta polos grandes cebedeiros, un modelo de granxa que non favorece unha xestión sostible do territorio e que ocasiona graves problemas de contaminación das augas.

Unha sentenza histórica

Neste contexto, unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

(TSXG), ditada o pasado 11 de xullo, outorgou un fallo histórico á veciñanza da Limia, recoñecendo que a contaminación do encoro das Conchas vulnera dereitos fundamentais como o acceso á auga, á saúde e a un medio ambiente saudable. A sentenza obriga á Xunta e á Confederación Miño-Sil a actuar de inmediato e impón unha moratoria para novas licenzas ou ampliacións de macrogranxas ata que se recupere o estado ambiental da zona.

No plano europeo, a situación tamén é preocupante coa recente reforma da Política Agraria Común (PAC). Se ben se falaba dun novo ciclo máis ecolóxico e xusto, esta reduce o orzamento orientado a políticas de desenvolvemento rural en beneficio dun incremento do gasto militar, provocando o aumento das desigualdades entre países. Tamén preocupa a posible eliminación do segundo pilar de Desenvolvemento Rural, clave para programas de relevo xeracional e de sostibilidade ambiental. A isto súmase o perigo de acordos comerciais como o da UE con Mercosur, que poderían agravar aínda máis a situación, abrindo Galiza á competencia desleal e prexudicando a agricultura local.

A Galicia rural enfróntase a un punto de inflexión. E, aínda que sentenzas como a das Conchas parecen abrir unha fenda pola que comezar a actuar, é preciso reivindicar políticas públicas que defendan a terra e rexeitar modelos insostibles que van en contra da soberanía alimentaria e das persoas.

**A Galicia rural
enfróntase a
un punto de
inflexión**



© Foto: <https://www.tercerainformacion.es/>

O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo

Manolo Peleteiro: Anxo de Luz

Benquerido Regal e xente amiga de *Irimia*: Mira que eu, o Santo Antón, son home tranquilo; fíxome así a miña condición de monxe, solitario e acompañado, e fíxome aínda máis tranquilo este espazo divino no que a diario me movo. Pero, mira, rabeaba porque chegase o día de poñer unhas letriñas para a revista, porque me ardía o corazón por vos agradecer a ese home de ben que hai uns meses nos mandastes desde Viñoás, en Nogueira de Ramuín, Ourense.

Souben por el mesmo que foran tres irmáns frades paúles: Bieito, Xosé Carlos e mais Manolo. Souben que, de novos, no colexio dos Milagres, en Ourense, remexeran e remexeran para ofrecer un servizo escolar acorde cos novos tempos. Houbo éxitos e tamén cruces, de todo un pouco. Contou tamén que logo os tres irmáns estiveron máis dunha ducia de anos atendendo varias parroquias rurais da diocese de Santiago, revolvendo tamén sistemas caducos e ofrecendo o que eles consideraban máis necesario para a xente: unha experiencia relixiosa apegada á vida, aos gozos e problemas da xente, valorando con orgullo a condición rural, normalizando o uso do galego e ofrecendo así a Deus, a Xesús, como amigo que nos comprende e nos atende. O culto era sempre gratuíto.

A súa presenza nas aldeas mobilizounas e enriqueceunas co gusto pola irmandade, coa alegría e coa promoción. Matinaban no que vían e vivían, e por iso, durante anos, colaboraron na publicación da revista *Que quede quen o conte*, na que diso escribían. Tamén, sobre todo Manolo, participaron no Movemento Rural Cristián de Galicia, que buscaba vivir a fe desde a nosa condición de xente de aldea.

Como lle pasara ao mesmo Xesús de Nazaret, tamén Manolo e os seus irmáns tiveron seguidores, mesmo admi-



Os irmáns Bieito e Manolo Peleteiro, cegos e galegos exercentes, xunto con Alicia López Pardo. Ao fondo, escrito con flores, o nome de Carlos Peleteiro.

radadores —nunca tal cousa buscaban—, pero tamén xente que os aborrecía, igual porque poñían ao descuberto as súas andrómenas. Ofreceron os seus servizos a varias dioceses galegas, pero non os quixeron. Por uns anos, Manolo e Bieito estiveron no convento dos Paúles de Vilafranca do Bierzo. Morreu Xosé Carlos e, co tempo, Bieito e Manolo volveron á casa paterna. Alí foron agarimosamente atendidos pola súa irmá Consuelo, monxa da Caridade, ata o momento da súa morte: primeiro Bieito e agora Manolo.

Cada un dos irmáns tiña a súa graza especial, iso nos dixo o Manolo. Dos seus méritos non nos quixo falar nada. Pero aquí estámolo descubrindo como un home sinxelo, nada malicioso, humildísimo, amigo de todo o mundo, alegre, doído polos abusos que por aí se lle fan á xente máis necesitada; queda pampo co Deus que aquí se lle ofrece como berce desta nova existencia súa e, iso si, non deixa de pensar en Galicia, non deixa de nos falar dela, en galego, claro. Mesmo, ao pouco de chegar, pidiunos ter unha foliada ao mes, na que toca unha preciosa gaita que de aí trouxo. Onde anda o Manolo sempre hai alegría.

Graciñas, logo, polo Manolo Peleteiro. Moita xente boa hai no mundo. Agradécédea. Coidádea. Imitádea. Graciñas.

CARRABO UXO por KOBÉ LOIS

"A INMIGRACIÓN LATINOAMERICANA PERMITE MANTER OS 2,7 MILLÓNS DE HABITANTES NA GALIZA" ORDIA! SO TRABALLA ESA XENTE?



FIXATE, QUE CACHO INCENDIO EN MADRID!
SI, HO, ARREPIANTE!



O peto común

Josecho de la Torre Culler

Plástico

Cada vez que se anuncia un novo cumio sobre algún aspecto ambiental, as esperanzas en avances significativos non adoitan ser moi optimistas. Desta volta, tocoulle ao cumio do plástico que tivo lugar en Suíza o pasado mes de agosto e no que participaron un total de 184 países. A conclusión tras dez días: uns poucos estados produtores de petróleo evitaron que se asinase un tratado global que faga fronte á contaminación xerada polo plástico, unha das ameazas mundiais que máis require dunha solución. Como esperanza, cómpre sinalar que un cento dos países participantes apostaban por poñerlle límites a este material, entre os que se atopaba a UE. De pouco serviu: o encontro suspendeuse sen convocar outro no futuro. Unha mágoa, como tamén é mágoa o custo de organizar un cumio destas características sen lograr avances.

É importante saber que cada ano se producen máis de 400 millóns de toneladas de plástico en todo o mundo. Calcúlase que a metade corresponde a plástico dun só uso. Desta tremenda cantidade, só o 15% recóllese para reciclaxe e, finalmente, só se recicla un 9%.

Os plásticos xa están presentes no que comemos, no que bebemos e no que respiramos; é dicir, teñen un impacto directo na nosa saú-



de. Este debería ser un motivo máis que suficiente para repensar a nosa relación con este material e o uso ou usos que facemos del. Queda claro que quen debería chegar a “grandes” acordos ou solucións non logra acadalos, pero quizais a suma de moitas “pequenas” accións poida mellorar o pequeno mundo que nos rodea a cada unha e cada un de nós.

Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

“As mans do Ghrove”

O outro día fun co meu fillo á praza de abastos do Grove. Íamos cedo; a el gústalle, coma a min, madrugar e aproveitar a primeira hora da mañá para facer as compras. Antes de empezar coas compras, tomamos o almorzo na terraza dunha cafetería situada xusto ao lado do mercado. Alí coincidimos habitualmente veraneantes con homes do mar.

Ao carón da nosa mesa había un grupo de mariñeiros que comentaban anécdotas do mar. Falaban forte e o seu falar chegaba claro á nosa mesa. O meu fillo escoitaba impresionado. Eu díxenlle que mirase atentamente as súas mans. O raparigo preguntoume por que as tiñan tan grandes, e explíqueille que detrás desas mans duras había horas e horas de esforzo e traballo no mar para que nós puidésemos comer o peixe que iamos comprar. Logo confesoume o que tanto o impresionaba.

- Papá, *hablan raro*.
- Cariño, falan galego.
- Non o falan coma ti.



Entón deille unha explicación sinxela sobre dialectoloxía do galego que axiña aburriu a Xoanciño.

Oxalá esas mans duras reteñan o seu falar forte e cantareiro da xente do Ghrove. Que haxa diversidade tamén na lingua é algo fantástico. Mais que haxa galego, diverso, necesita de moitas mans. Tamén das mans suaves miñas e mais das do meu fillo.

Beatriz Cedrón



A Fundación LEGAR, da man de Xavier Blanco, pon en marcha en cinco centros de día de Pontevedra o proxecto **MEMORIA SONORA**. A través da música de raíz, quérese chegar a persoas maiores con certo grao de deterioro cognitivo ou en situación de vulnerabilidade, para mellorar a súa saúde e benestar e, ao tempo, difundir e preservar a música popular galega. Ao longo das catro sesións en cada centro, trabállanse a memoria, a motricidade e a interacción social a través da música.
 Imaxe: pontevedraviva.com



Da man do Departamento de Historia da USC, nace o proxecto **TERRA E MEMORIA**, un arquivo dixital que pon ao dispor do público xeral e da comunidade universitaria un fondo oral e documental con miles de entrevistas, imaxes e publicacións periódicas arredor de tres áreas do século XX: historia social, migracións e vítimas da guerra e da represión franquista. Esta mirada sobre o noso pasado máis próximo pódese consultar en terraememoria.usc.gal
 Imaxe: lavozdegalicia.es

As miles de cabezas de gando porcino que explotan as macrogranxas da Limia levaron ao xulgado á Xunta de Galicia e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. A sentenza do TSXG acreditou a contaminación do **Encoro das Conchas**, decretando a vulneración dos dereitos fundamentais da veciñanza a un medio ambiente saudable polos residuos das macrogranxas. O tribunal asegura que se permitiu un crecemento excesivo destas instalacións, que se xestionaron ineficazmente os residuos e que se saturou o medio.
 Imaxe: elsaltodiario.com



Anos de abandono das políticas sociais e de inclusión por parte do Concello e da Xunta, con persoas sen fogar, problemas de drogodependencias e de saúde mental; a falta de vivenda, a revalorización urbanística, a xentrificación e outras causas están na base do conflito que comeza a bater con máis forza en Ourense. Diante da aparición de patrullas de violentos de ultradereita, varios colectivos sociais organízanse dende o **Espazo Veciñal Ourense** (EvOu) para lles facer fronte desde a comunidade.
 Imaxe: elsaltodiario.com


Felipe Arias Vilas,

colaborador de *Irimia*, recibiu no mes de xullo o recoñecemento da Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde pola súa dedicación á defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural galego, en particular o do propio concello. Diversos compañeiros e compañeiras, ao longo da súa traxectoria tanto investigadora como á fronte das entidades que dirixiu (Museo de Lugo, Castro de Viladonga ou o Museo do Pobo Galego), reivindicaron o seu comprometido labor.

Imaxe: amigosdopatrimoniodecastroverde.gal




En Labrada, Abadín, vive **Mónica Requeijo**, gandeira nova que asumiu a xestión da explotación familiar. As dificultades que atopou para localizar profesionais no rural que realizasen certas tarefas (levantar peches, facer reformas na casa, etc.) levárona a poñer en marcha **VACANTES.GAL**, unha páxina web para poñer en contacto —como ela di— “persoas que precisamos axuda e persoas que buscan unha oportunidade para vivir e traballar en Galicia”, artellándoa como un espazo para tecer rede social.
Imaxe: vacantes.gal



Alana Trío é un exemplo máis da riqueza da música de noso que se mestura con sonoridades máis actuais, como o pop ou a electrónica, partindo das recollidas tradicionais. *O xeito á cántigha* foi o seu primeiro disco, que toma o nome da explicación que Delfina de Cerceda lle daba á musicóloga Dorothé Schubarth de como lle dar “o xeito á cántigha” nas melodías das muiñeiras e das xotas. Alana son Antía Vázquez (voz e pandeireta), Eloi Vidal (teclado, guitarra e voz) e Pablo Castro (percusión e gaita).

Imaxe: galiciaconfidencial.com



Despois de 1.400 km percorridos polas cociñas da Limia, un proxecto colectivo liderado por varias mulleres (Lourdes Sotelo, Lourdes Augusto, Xiana Carballo, Elena Jardón e Guadalupe Bardón) recolle nun libro diversas receitas elaboradas nas casas limiás. En **SABERES E SABORES** homenaxéase as mulleres que nos alimentaron durante xeracións con coidado e agarimo, facendo posible unha alimentación sá, saborosa e con identidade, e poñendo en valor a historia que latexa na nosa cultura alimentaria.

Imaxe: dendealimia.com

Por R.R

Castelao, o gran intérprete da Galicia contemporánea



O escritor Claudio Rodríguez Fer

No marco do Ano Castelao 2025, o país enteiro volve mirar cara ao escritor galego. Referente político, artista combativo, pensador lúcido e escritor de raza, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao deixou unha obra que segue a interpelar xeracións enteiras.

Falamos con Claudio Rodríguez Fer —poeta, ensaísta, investigador e un dos principais divulgadores da memoria histórica galega— sobre a vixencia do pensamento de Castelao, o seu papel como símbolo nacional. Un diálogo entre dúas voces que cren que a cultura debe servir para transformar a realidade.

Claudio, por que Castelao, 75 anos despois da súa morte, segue a ser unha figura tan importante en Galicia?

Porque ninguén coma el ou como Rosalía de Castro comprendeu e interpretou tan ben a Galicia contemporánea.

Ti e Carmen Blanco asinades o prólogo de Nós / Álbums de guerra. Que nos din hoxe esas imaxes de Castelao sobre a guerra, a represión e a dignidade do pobo galego?

Os álbums de guerra de Castelao forman unha triloxía en verdade importante para a historia da guerra civil española, para a memoria da represión en Galicia, para a loita contra o fascismo e para a historia da arte e da cultura galegas, pero, por encima de todo, son un testemuño humano contra a violencia en calquera tempo e lugar, ademais dun exemplo de resistencia, de compromiso e de dignidade do pobo galego en particular.

Castelao mesturou dor, humor e ironía na súa obra. Como entendes esa combinación? Foi unha estratexia consciente de resistencia e comunicación política?

Para realizar as súas estampas sociais e bélicas, Castelao valeuse de todos os recursos artísticos que tiña ao seu alcance moi conscientemente, co

fin de lograr a máxima eficacia comunicativa, pois o seu obxectivo era sempre reivindicar o dereito á xustiza de todos os pobos e á identidade do pobo galego. No caso do álbum Nós, utiliza o humor e a ironía para soportar a dor, malia que sexa moi dura, e protestar máis eficazmente do asoballamento, pero non nos álbums de guerra Galicia mártir e Atila en Galicia, que denunciaban a barbarie da represión fascista en Galicia, porque esa dor era tan in-

“Nós temos fe no noso pobo e algún día o noso pobo terá fe en nós”

soportable que non admitía a retranscrición no mesmo momento no que se estaba producindo aquela barbarie.

Ti defendes unha cultura comprometida co tempo que lle toca vivir. Que nos ensina Castelao sobre o papel que deben ter os creadores e intelectuais?

Castelao foi ante todo un cidadán que aproveitou todas as súas polifacéticas habilidades artísticas, literarias e políticas para loitar contra a opresión de Galicia e, durante a guerra civil, contra a imposición do fascismo en

Entrevista. Ano Castelao 2025

A apropiación do legado de Castelao chegou a ser lacerante”, asegura Rodríguez Fer



Portada do seu libro

todo o estado español. Foi, pois, un intelectual que tratou de ser benfeitor por encima de todo o demais.

En Sempre en Galiza, propón unha federación de pobos libres con Catalunya e Euskadi. Pensas que esa visión federalista segue a ter vixencia na actualidade?

Castelao valora o federalismo decimonónico de Pi i Margall e o federalismo anarquista, pois sabe que todo o que non sexa federación entre iguais será asimétrica imposición centralista.

A figura de Castelao é reclamada por forzas políticas moi distintas. Cres que hai un intento de apropiación interesada do seu legado?

Por suposto que si e esa apropiación chegou a ser lacerante cando os que o tiñan exiliado durante a ditadura franquista, na que sen dúbida tería sido fusilado, comezaron a reivindicalo como símbolo formal de Galicia. Celso Emilio Ferreiro denunciou dende o primeiro momento esta hipócrita desfachatez de “apropriación indebida”: “Escoita, meu irmán honrado, / o que

acontece con Daniel: / os que o tiñan desterrado, / agora falan ben del”.

Nun tempo onde se fala de identidades líquidas e globalización, que nos segue ensinando Castelao sobre a importancia de afirmarmos a nosa identidade como pobo?

Castelao reivindica a identidade de Galicia no século XX, que ten moito en común coa do século XIX e coa do século XXI, pero que non é exactamente a mesma, polo que cómpre aprender nisto e en todo da súa honestidade e da súa lucidez, pero non trasladalas mecánicamente e acriticamente, porque foi un analista materialista nun tempo concreto, non un adiviño vaticinante nin un santo milagreiro en abstracto.

No Parlamento galego hai propostas para recoñecer oficialmente Castelao

como primeiro presidente de Galicia no exilio. Xa vai sendo hora?


A institucionalidade galega, como a española, está viciada de raíz polo menos dende a sublevación fascista de 1936, de maneira que é herdeira da institucionalidade fascista e non da legalidade galeguista e republicana, que é a auténticamente democrática. Por isto non contou nin conta institucionalmente a Galicia exiliada, malia que dende 1939 era a única Galicia libre, digna e lexítima, pero algún día será recoñecida como merece, porque, como precisamente dicía Castelao, “nós temos fe no noso pobo e algún día o noso pobo terá fe en nós”. Indo máis alá, eu diría que nós temos fe na humanidade e, algún día, a humanidade terá fe en si mesma, na auténtica liberdade, na verdadeira xustiza e na súa propia dignidade.



A mostra *Castelao. Mirar por Galicia* poderá visitarse na Cidade da Cultura ata o 11 de xaneiro de 2026, con acceso libre e de balde.

Marisa Vidal e Lucía Santiago

Entrevista a Carmen Bernabé (e segunda parte)



María Magdalena,
unha figura
fundamental no
cristianismo

Na segunda parte da entrevista, a teóloga Carmen Bernabé explícanos por que María Magdalena foi unha figura fundamental no inicio do cristianismo e como as ideas patriarcais influíron en que as mulleres fosen excluídas da autoridade apostólica e da liña sucesoria dos primeiros discípulos.



¿Ten María Magdalena autoridade apostólica? ¿Que é a sucesión apostólica?

Apóstol significa enviado/a. É un termo propio das comunidades que vían no Ressuscitado a orixe do envío para anunciar o Evanxeo. Por iso, nas comunidades primitivas, ter unha experiencia do Ressuscitado daba autoridade apostólica. O mesmo Pablo reivindicábaa para si mesmo, posto que tivera a experiencia do Ressuscitado (1Cor 9,1-2).

Ao morrer a segunda xeración (cara ao 110), é dicir, os discípulos daqueles discípulos que viviran con Xesús, comeza o problema da autoridade: quen tiña autoridade e como se transmitía; quen tiña autoridade para discernir a relectura e corrección da tradición de Xesús, entre as que se estaban a facer, algunhas moi dispaes. Xa non había testemuñas directas e a memoria comunicativa cesaba. Enténdese por autoridade apostólica aquela autoridade que procede de estar en comunión e en liña sucesoria dos primeiros testemuñas — discípulos de Xesús. Eusébio elaborou unha lista que probaba esa liña ininterrompida de testemuñas. É unha lista que responde a unha idea

teolóxica, influída por un esquema cultural, pero non responde á realidade histórica.

A autoridade, segundo os esquemas culturais do momento, procedía de estar en liña sucesoria con aqueles que estaban na orixe da fundación dunha cidade e eran as súas pedras fundantes, os “maiores”, os pais da patria, dos cales emanaba a autoridade que se transmitía por sucesión, de xeración en xeración, por liña de varóns, os representantes das casas familiares. A idea da autoridade e do proceso da súa transmisión estaba totalmente impregnada pola idea de xénero. Era imposible imaxinar mulleres nesa liña de tradición e sucesión e, por tanto, o concepto de autoridade era algo impensable para elas.

O cristián, na súa conformación, tomou esquemas culturais e este foi un deles. A súa influencia é bastante evidente na consideración do lugar das mulleres e na liña sucesoria da autoridade apostólica.

Quen queira profundar na idea pode ler H. Arendt, “What is Authority?”, pp.81-112, en C.L. Friedrich (ed), Authority. Harvard University Press,



Maria Magdalena

Cambridge, Mass. 1958. O artigo foi reproducido en outras obras máis modernas.

¿Como se tergiversa a figura de María Magdalena? ¿Quen é e quen non é María Magdalena?

A figura de María Magdalena foi tergiversada de formas diversas: combinándoa con outras figuras do Evanxeo (a muller de Lc 7,36-50), con María de Betania; facendo dela unha prostituta arrependida; substituíndo a súa figura por Pedro ou pola mesma María de Betania, a nai de Xesús... Ao longo dos séculos, a súa figura foi transformada, ocultando ou silenciando os trazos fundamentais cos que é presentada nos evanxeos canónicos: discípula de primeira hora; testemuña da morte e sorte do corpo de Xesús; receptora dunha revelación sobre a nova realidade de Xesús (cristofanía), enviada a anunciar polo propio Ressuscitado.

Acabamos de dar os trazos da figura histórica de María Magdalena, segundo a lembran os textos evanxélicos estudados criticamente: unha muller galea, de Magdala, que se uniu ao movemento profético de renovación intra-xudía de Xesús de Nazaret, que

o seguiu na súa proclamación da chegada do reino de Deus que ela pareceu experimentar como liberación, que formou parte da familia de substitución que eran os seus seguidores, que compartiu os valores contraculturais do reino que Xesús anunciaba, que subiu con el a Xerusalén, que foi testemuña da crucifixión e da sorte que correu o seu corpo; que foi a facer o duelo á tumba ou os arredores, que alí tivo unha experiencia de revelación que lle asegurou que non había razón para seguir facendo o duelo porque Xesús estaba co Pai, o Sheol non puido retelo.

¿Por que é importante que María Magdalena apareza sempre citada en primeiro lugar nas listas de mulleres discípulas de Xesús?

O primeiro que hai que sinalar é a importancia de ser citada en “listas” de mulleres, onde hai nomes que se repiten. A razón é que nos pon en contacto coa memoria comunicativa dos testemuñas e das primeiras comunidades. Denota unha intención expresa de lembrar certas mulleres que foron importantes por ter sido testemuñas desde o comezo.

O feito de que María Magdalena sexa nomeada sempre en primeiro lugar, excepto no relato da crucifixión de Xoán, onde por motivos do seu plan teolóxico o é María, a nai de Xesús, indica a importancia que María Magdalena tiña no movemento de Xesús e nas primeiras comunidades. Importancia que, sen dúbida, tiña que ver co seu papel histórico e coa aparición do Ressuscitado.

Tareixa Ledo Regal

Graza e bendición en abundancia para a bispa católica galega Christina Moreira Vázquez



A Asociación de Presbíteras Católicas Romanas (ARCWP) e a Comunidade do Home Novo de A Coruña convocáronnos a un evento pouco común: a consagración episcopal dunha muller, Christina Moreira Vázquez.

A Consagración Episcopal dunha muller

A capela dun pazo na comarca de Compostela acolleunos para a celebración na tarde de San Xoán. A bispa irlandesa-estadounidense Bridget Mary Meehan presidiu a ordenación coa luz persoal que regalan os seus 77 anos vividos con fondura. Acompañárona a bispa alemá Gisela Forster e a austríaca Christine Mayr-Lumetzberger.

A ordenación mesturou un ton solemne e ceremonioso cun outro entrañable e alegre. Comezou coa Liturxia da Palabra, na que leron a diaconisa portuguesa María Teresa Ribeiro, a franco-vietnamita Loan Rocher, e Belén Repiso, presbítera de Valladolid, que proclamou o Evanxeo de Marcos 5, no que Xesús cura á muller con he-

morrhaxias e devolve á vida á filla de Xairo.

A homilía de Bridget Mary resultou chea de frescura: *“Isto é un momento de resurrección... Estamos recollendo un fío tecido... desde os comezos. Moito antes de que as mulleres foran excluídas do liderado da Igrexa... estaban alí Phoebe... a epíscopa Theodora na Roma do século IV... Brigit de Kildare... consagrada bispa.”* E máis adiante: *“Esta ordenación non é só un momento para Christina... estamos construíndo algo novo ou, tal vez, algo antigo feito novo. Unha Igrexa que se parece a Xesús: inclusiva, acolledora, non xerárquica, guiada polo Espírito...”*

Christina rematou a homilía compartida facendo referencia aos devanceiros nos que se inspira: Prisciliano, Jacques Gaillot, Óscar Romero, Pere Casaldàliga e Exeria, como nai da Igrexa galega.

E comezou así o rito de consagración, coa presentación de Christina, o exame, a prostración, a imposición das mans, a Pregaria de Consagración, a Unción co Crisma e a entrega do Evanxelario cerimonial, do anel, da Cruz da Serva e do Caxato de Pastora. A celebración conti-

nuou animada polo son do pandeiro, da fruta e da guitarra.

Fomos testemuña desta consagración máis de cen persoas, chegadas de Alemaña, Austria, Francia, Estados Unidos, Suíza e de lugares da península como Portugal, Estremadura, Madrid, Catalunya, Castela e León, Andalucía e, por suposto, Galiza. Todas próximas a Christina por amizade ou por militancia en organizacións como Irimia, Mulleres Cristiás Galegas Exeria, Vangarda

Estamos recollendo un fío tecido... desde os comezos

Obreira, Cristo da Victoria, Roxín Roxal, Movemento polo Celibato Opcional, Revuelta de las Mujeres en la Iglesia de Extremadura, Andalucía e Madrid, Communion Béthanie e Carefour des Chrétiens Inclusifs (ambas francesas) e Comunidad Ichthys Cristianxs LGBTQ de Sevilla.

A todas nós agradeceu Christina a presenza e compañía. A beleza da



Tareixa e Maite impuxeron o evanxeo en rito de obediencia ao mesmo

contorna, a sobriedade da capela e o encanto do pazo favoreceron unha celebración que, como non, rematou cunha merenda compartida.

Pero quen é Christina Moreira Vázquez e por que decidiu dar este paso?

A vocación de Christina xorde aos 17 anos, nunha experiencia espiritual na que escoita ao Xesús da Última Cea invitándoa a facer coma El: partir o Pan e ofrecer o Viño. Esta chamada inicial interroga a Christina, que ben sabe que ese é un lugar prohibido para ela, muller. Aínda así, inicia un camiño cheo de dúbidas, un proceso en solitario de anos no que lle aconsellan manter en silencio a súa vocación.

Pero Christina non se rende e, no ano 2010, toma contacto coa Asociación de Presbíteras Católicas Romanas, que avoga pola ordenación de mulleres cisxénero, transxénero e persoas homosexuais, e traballa en prol de comunidades católicas inclusivas. A asociación, que conta actualmente con máis de 300 persoas de varios continentes, iniciárase en xuño de 2002 coa ordenación de sete mulleres nun barco no río Danubio.

No ano 2015, e despois dun longo proceso de discernimento vocacional, Christina dá o paso á ordenación como

Á Igrexa institucional tócalle dar pasos

diaconisa no seo da Comunidade do Home Novo de A Coruña. Fiel á chamada recibida, ordénase presbítera uns anos despois. Recibir agora a Orde Episcopal é un paso máis neste camiño de servizo comunitario inclusivo. Sen dúbida, o Santo Espírito está a falar a través da vocación de Christina; a nosa amada Ruah precisa ás veces de mulleres valentes que dan pasos ousados, e Christina é valente e decidida.

Graduada pola Universidade de Teoloxía Católica de Estrasburgo e agora investigadora de posgrao nesa facultade, Christina forma parte do equipo coordinador de Irimia, participa en MCG Exeria e traballa activamente en *Som Cristians* e nas asociacións francesas *Toutes apôtres!* e *Comité de la jupe* (agora *Magdala*). Tamén é tradutora voluntaria na organización ATD Cuarto Mundo e leva anos coa páxina *lashomiliassdeluz.wordpress.com*.

Ben sabemos que administrar o Sacramento da Orde a mulleres, ou recibilo, non está permitido nestes

momentos na Igrexa Católica. Pero Christina e o resto de compañeiras da Asociación, con consciencia clara desde a súa obediencia ao Espírito, están a cuestionar unha estrutura clerical xerárquica heteropatriarcal na que a definición xenital (pene ou vulva) é a que marca o acceso á Orde Ministerial, e non o corazón e o espírito de servizo discernidos comunitariamente. Coa súa práctica poñen luz nunha estrutura que pouco ten que ver coa consciencia do século XXI e menos aínda coa proposta daquel Xesús que acollía ás mulleres.

As mulleres non precisamos ser perfectas nin no servizo, nin no amor, nin na nosa vida para ser curas, como tampouco o precisan os homes. Simplemente temos ese dereito polo feito de sermos irmás de Cristo e Fillas Benqueridas do Deus Misericordioso. Á Igrexa institucional tócalle dar pasos, e a nós, tomar o que é noso por dereito de nacemento. Iso é o que fixo Christina, con autenticidade e sinxeleza, ante todas nós neste día de San Xoán.

En palabras da bispa Bridget Mary, rogamos ao noso Deus amoroso que lle conceda á bispa Christina graza e bendición en abundancia para desenvolver o seu ministerio. Amén. Que así sexa.

Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero)

Bernardo García Cendán: a memoria viva do compromiso solidario



© Foto - Nós Diario

Meu amigo de tantas andainas, da mesma orixe: Vilalba; de tantos soños que chegaban mesmo a lugares impensados da palabra, da materialización de proxectos, mesmo chegando a procacidades. Si, ousadías propias da nosa confianza, en chistes verdes, chistes co seu “aquele”, que se volvían sentenzas humorísticas do drama que se nos antollaba delimitar.

Eran lixeiros contubernios, aqueles comentarios que el e mais eu —quizais alguén que fortuitamente cadrase— facíamos para pagar as mágoas con afagos excesivos da graza, como indulxencia que nos dera misericordia, unha solución soluble de sorrisos. Eu, moitas veces, contáballe cousas para provocalo, comentarios distorsionados, levados quizais á chispa da ocorrencia, á elegancia do indulto, e que quizais, fóra dunha fiel amizade, serían impensables. Sobre todo, e toda vez que el, sendo cura no seu tempo, asumía aquelas palabras que para outros serían “grosería impertinente”, quizais molestas.

Entón, entre os dous establecíamos unha confidencialidade permisiva que

facía que aquilo todo fose unha escenificación afable de favor, de comprensión. Para el, eran un modo máis de estar vivos. E todo hai que dicilo: el sabía moi ben asociar —ou non— os nosos entendementos ao meu ser instigador en desafío, e ás miñas irreverencias insensatas, traídas adrede.

Ben sabía das miñas coitas, ben sabía eu das súas bágoas. Por iso riamos,

“Era hipersensible e impresionable, solvente e cumpridor...”

por riba de todo, sabendo que a razón non é tan importante como a ledicia de vivir, de agradecer o sorriso, a amizade veraz, o encontro e o momento compartido.

Era hipersensible e impresionable, solvente e cumpridor, atormentado polas pantasma dun pasado e tamén dun camiño novo por atopar. Abríase prudentemente a un camiño que nos

conducise ao equilibrio, á paz. El, que era moi cavilador e intelixente, sabía que o pensamento serve para prever, para estar preparados, para diagnosticar, para avanzar.

Naquel caos do pasado e neste caos que nos toca vivir —porque estamos complicándonos a vida sen sabelo— era xa daquela moi difícil conformarse coa negrura da ameaza que nos viña enriba, ese repetir da historia non asumida, ese esquecer na indiferenza. De aí viña a angustia e as dúbidas que os dous tiñamos, e que el resolvía desde unha fe intocable e cunha esperanzada sintonía co pobo, co imaxinario colectivo.

Pero Bernardo era ese amigo, cómplice de ilusións e desesperos. Estaba sempre, desde o silencio, anque presente, e activaba a súa enorme actividade para compracer, para facilitar, para dar conta das mans dispostas que tiña para axudar. Foi un exemplo de humanidade que se representaba en cautas leccións de solidariedade, de autoestima moi ben dosificada, de tal xeito que non rozase ese egoísmo no que tanta xente se antepón.



© Foto - La Voz de Galicia

Vilalba lembrando a Bernardo García Cendán.

Esa calidade exacta de equilibrio puntual que non se beneficia das ausencias nin dos despistes, e moito menos da privación de posibilidades ou da doenza que outra xente poida ter. Estaba sempre animando, lonxe da querenza do consumismo atroz que tanto nos escraviza.

Non, el era moi cauto e precavido, categórico nas conviccións, pero atento a calquera caso de excepción ou explicación debida, que non dubidaba en dar para xustificar razóns sempre pospostas ao sentimento feliz da vida, á celebración do sorriso. Favorecía que os demais tamén deixáramos de pensar tanto en nós para ver ao redor, no orgullo de servir, na excedencia que provoca asistencia directa e debida.

Por iso el soltou amarras, para ir sen que lle oficializasen as súas iniciativas, nesa entrega que é total, absoluta, e deixa de ser préstamo oportuno cheo de utilidades ou serventías.

Tiñamos falado moitas veces dos xogos que nos gasta a memoria, de como a nostalgia e a melancolía son aceptables mentres non nos oculten a debida actuación diante dos feitos ocorridos.

E volvíamos á música, a aquela banda sonora fermosísima que nos compracía, absorbida nas esponxas dos desexos tantos que habitaban as nosas cabezas, os nosos corazóns.

Efectivamente, a memoria filtra o pasado na nosa subxectividade. Ninguén lembra senón o que persoalmente percibiu. Mesmo sen necesidade de mentir, cada un de nós colle e garda o que lle parece, chegando a versións contraditorias, formas tan diverxentes que ás veces coidamos ser testemuñas de feitos completamente distintos. Todo iso, queiramos ou non, produce terxiversacións e traumatismos, pois semella espellar lembranzas falsas.

De todas formas, sabíamos que a memoria tamén nos defende e axuda a sobrevivir, fai máis fermosos aqueles episodios doridos que un día foron —ou que nin sequera sucederon—, ofrecéndonos así ese dereito a soñar con tantas cousas que non tivemos. As cousas, así mesmo, axudan a redimirnos e asomarnos ás artes do imaxinario, na resistencia da nosa común memoria.

Estaba sempre animando, lonxe da querenza do consumismo atroz que tanto nos escraviza.

47ª Romaxe de Crentes Galegas: “Se vós calades, as pedras cantarán”

Bascuas (Guitiriz), 13 de setembro de 2025

Como chegar a Guitiriz

Desde Santiago de Compostela: pódese ir pola N-634 (coñecida como a estrada de Teixeira) até desembocar na A-6, coller dirección Lugo e baixarse na saída a Guitiriz. Tamén se pode ir pola AP-9 (con peaxe) até desembocar na A-6, en dirección Lugo, saída en Guitiriz.

Desde A Coruña: pola A-6 en sentido Lugo, saíndo en Guitiriz.

Desde Lugo: tómase a A-6 en sentido A Coruña, saíndo en Guitiriz.

Desde Ourense: hai que chegar a Lugo e aí tomar a A-6 en sentido A Coruña até Guitiriz.

Desde Guitiriz a Bascuas (lugar da Romaxe)

Desde o centro de Guitiriz, tomade a “antiga” N-VI en dirección Lugo.

A 5,4 quilómetros, na rotonda, déixase a N-VI e cóllese á esquerda, cara ao norte (sentido Xermade, Momán) pola estrada LU-170.

A pouco máis de 5 quilómetros, déixase a LU-170 e cóllese á dereita no cruce-rotonda. Hai indicacións cara a Bascuas, que está a 1 quilómetro dese cruce.



Para quen veña en autobús: a organización da Romaxe agradece que sexan microbuses (son camiños rurais tan estreitos como fermosos). Se tedes calquera dúbida, podedes escribir un correo a irimia@irimia.gal.

Horario

- 11:00 h – Acollida
- 12:00 h – Celebración
- 14:00 h – Xantar
- 16:00 h – Sobremesa, foliada, festiña.

Conselliños para gozar da Romaxe en Bascuas

Prevese un setembro caloroso (despois... a saber), así que recomendamos traer crema de sol, parasol —ou un bo sombreiro— e boa hidratación.

Como todos os anos, hai cousas que faremos entre todas e todos: haberá equipo de decoración, equipo de preparación da mesa da celebración, equipo de mesa de vendas e equipo de recollida. Se podedes e queredes axudar nalgún deles e sentirvos parte, contactádenos no 689 858 197 ou no correo electrónico irimia@irimia.gal.

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Coordinación da edición: R. García.

Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luís Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopena Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilar, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilar.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes, Roberto Álvarez.

Recepción de artigos e colaboracións en: asoc.irimia@gmail.com

Subscricións:

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Impreme: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

Salmo primeiro

Grazas, Nai,
que me deches a luz neste corpo,
saído da túa xenerosidade e do teu ventre,
alentado pola *Ruah*.

Grazas pola forza que me asiste,
pola enerxía que me fai libre e liberada,
a que estaña feridas.

Grazas por non me teres aforrado
fracasos e decepcións,
que me fixeron máis forte.

Grazas porque es corpo comigo
no círculo de *Nosoutras*,
sacramento de vida,
celebración e camiño.

Grazas porque o corpo
que recibín da miña nai
fixo posible o corpo
dos meus fillos e filla.
Sacramento son os corpos dos meus fillos,
que son parte do meu,
do mesmo xeito que eu son
o corpo da miña nai agora.

Cara adiante e cara atrás
formo parte dunha xenealoxía
de corpos sagrados
que bendín, que celebran a vida.

Grazas, Xesús, por terme descuberto
a Nosa Nai Todo-amorosa,
unha nai que me sostén desde dentro,
que, a través das miñas mans,
é quen de mellorar o mundo
para facelo un lugar onde more
a xustiza e a sororidade.

Quero seguir sendo creadora de vida,
contigo sanadora...

Quero que o meu mundo coñeza
e note a túa presenza.

A través das miñas mans,
das miñas palabras,
que o teu espírito alente e transforme,
constrúa e vivifique.

Amén.



Intelixencia artificial sen intelixencia humana?

Xa estamos de volta e a verdade é que o verán, coma sempre, pasou decontado, deseguida, axiña, rápido, pronto, voando, pero... cedo, cedo non pasou! E por que dicimos isto? Pois que fomos ata a Coruña e vimos un cartel do que vos temos que falar. Vaia por diante que valoramos moitísimo que as empresas empreguen o galego en todo, tamén na súa cartellaría, e mais se son empresas de fóra implantadas nunha cidade, pero ás veces hai algunha metedura de zoca coma a do Starbuck's na Coruña que, mentres este verán tiñan o local en obras, puxeron un letreiro ben grande que poñía: "Vémonos cedo"

Vémonos cedo é unha expresión correcta gramaticalmente e mesmo correcta se se dá nunha conversa entre dúas persoas que, poñamos por caso, están a falar de que no día seguinte teñen que madrugar e que van coincidir nalgunha hora temperá, podería unha dicir ao despedirse: Ata mañá, vémonos cedo!

Mais cando vemos esa frase escrita nun establecemento, no contexto en que o que pretende o emisor é dicirnos que nos imos ver de novo sen tardar moito, xa a cousa non é nada

correcta. Usar a Intelixencia artificial (IA) sen supervisión da humana, é o que ten. Así, dunha expresión castelán "Nos vemos pronto" calouse unha en galego que non corresponde: Vémonos cedo" porque non recolle o sentir desa frase. "Vémonos axiña", "Vémonos decontado"... si serían correctas.

As meteduras de zoca coas traducións automáticas danse tamén do galego para o castelán e en páxinas web da Xunta podemos ler estes días:

«La Xunta abre el día 8 de septiembre el plazo para solicitar el Bono (...) pasará a cubrir el 100 % del coste, en aquellas familias de especial consideración, es decir, las monoparentales, numerosas, de acogida o en las que cuenten con un cautivo con discapacidad».

Familias que teñan un encadeado, un prisioneiro con discapacidade????? Igual querían que botásemos unhas risas coma con aquilo de "El desván de los monjes", pero as familias que teñan cativos/as, nenos/as, meniños/as, pícaros/as... con discapacidade, non cremos que rían moito.

Sempre coas cativas e cos cativos connosco, vémonos axiña... para o vindero mes!



The screenshot shows the website of the Xunta de Galicia. At the top left is the logo and name 'XUNTA DE GALICIA'. To the right is a globe icon. Below this is a navigation bar with four items: 'Goberno e Institucións', 'Temas', 'eServizos', and 'Transparencia'. Underneath is a breadcrumb trail: 'Inicio / Sala de comunicación - / Actualidade - / News -'. The main content area features a headline: 'A Xunta abre o día 8 de setembro o prazo para solicitar o Bono Concilia Familia'. Above this headline is a sub-headline: 'A conselleira de Política Social e Igualdade visitou as instalacións de Galipark Multiaventura'.

Menos mal que na versión en galego tiña xeito!